



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2022/G003/001433

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA (EXPDTE. 2022/E001/000011)

EXPEDIENTE: 2022/G003/001433

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Vistas as bases que regulan a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura por promoción interna, concurso-oposición, unha (1) praza do corpo da policía local, escala básica, categoría de oficial, subgrupo C1, correspondente á oferta de emprego público para o ano 2021 (apartado 4.2) (BOP nº 244, de data 24/12/2021), aprobadas mediante resolución de Alcaldía nº 1372/2022, de data 28/10/2022.

Visto o disposto nos arts. 5 e 6 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño.

Visto o disposto no art. 32.3 da Lei 4/2007, de 20 de abril e art. 6.2 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro.

No uso das atribucións conferidas polo art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, **RESOLVO:**

1.- Aprobar a convocatoria do proceso selectivo para cubrir unha praza de persoal funcionario de carreira vacante no cadro de persoal do Concello de Ordes do ano 2022, incluída na oferta de emprego público do ano 2021 (Expdte. 2022/E001/000011), que é a seguinte:

—Grupo, segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial, subescala de servizos especiais, escala básica, categoría: oficial. Número de vacantes: 1. A cubrir mediante promoción interna.

O sistema de selección do aspirante será o de concurso-oposición.

2.- O proceso selectivo rexeráse polas bases aprobadas por resolución de Alcaldía nº 1372/2022, de data 28/10/2022 (BOP nº 208, de data 03/11/2022).

3.- Publicar a convocatoria deste proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Diario Oficial de Galicia (DOG).

4.- Publicar o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

En Ordes, 11-11-2022

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O Secretario

Juan Luis González Iglesias